

ASISTENCIA SANITARIA PARA MIGRANTES EN ESTADÍA TEMPORAL EN ESPAÑA

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR A SOLICITUDE

Cando é necesario presentar esta solicitude?:

É necesario presentar a solicitude para os seguintes desprazamentos temporais a España:

- A.** De traballadores ou pensionistas españois de orixe residentes no estranxeiro e familiares que os acompañen.
- B.** De familiares que acompañen ao pensionista da Seguridade Social española ou ao asimilado á alta por ter subscrito un Convenio Especial residente no estranxeiro.

Como debe cubrir esta solicitude?

En tódolos supostos debe solicitarse sempre polo traballador ou pensionista español de orixe.

Suposto A

- Se solicita a prestación só para vostede, cubra os datos solicitados na primeira e terceira páxina.
- Se viaxa acompañado por familiares, deberá tamén cubrir os datos de cada un deles, segundo se solicita na páxina segunda.
- Serán familiares o cónxuxe ou parella de feito, así como os descendentes de ámbolos dous, que estean a cargo de aqueles e sexan menores de 26 anos ou maiores de devandita idade cunha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ao 65 por cen.
- **Será requisito indispensable que os familiares viaxen sempre acompañados polo solicitante** (traballador ou pensionista español de orixe).

Suposto B

- O pensionista da Seguridade Social española ou asimilado á alta por ter subscrito un Convenio Especial deberá cubrir os datos solicitados na primeira e terceira páxina.
- Deberá tamén cubrir os datos previstos na segunda páxina de cada un dos beneficiarios para os que solicita a asistencia sanitaria durante a súa estancia temporal en España.
- Serán familiares o cónxuxe ou parella de feito, así como os descendentes de ámbolos dous, que estean a cargo de aqueles e sexan menores de 26 anos ou maiores de devandita idade cunha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ao 65 por cen.
- **Será requisito indispensable que os familiares viaxen sempre acompañados polo solicitante** (pensionista da Seguridade Social española ou asimilados á alta por ter subscrito un Convenio Especial e españois de orixe).

Alegacións:

Se quere engadir algo que considere importante para tramitar a súa prestación e que non vexa recollido no formulario, indíqueo neste apartado da forma máis breve e concisa posible.



ASISTENCIA SANITARIA PARA MIGRANTES EN ESTADÍA TEMPORAL EN ESPAÑA

Pode solicitar este trámite a través da Sede Electrónica da Seguridade Social (<https://sede.seg-social.gob.es>), tanto con certificado dixital como con Cl@ve permanente. Se non dispón de ningún sistema de identificación electrónica, poderá realizar o trámite en <https://run.gob.es/tramites> ou presentar un exemplar asinado por correo ordinario ou nun centro de atención e información da Seguridade Social solicitando cita previa nos teléfonos 901 10 65 70 / 91 541 25 30 ou en <https://run.gob.es/trdcita>

DATOS DO SOLICITANTE

Apelido primeiro		Apelido segundo		Nome				
Data de nacemento		Sexo	Estado Civil	DNI - NIE - Pasaporte				
País de residencia								
Domicilio habitual (rúa, praza ...)				Número	Bloque	Escaleira	Piso	Porta
Código postal	Localidade							
Provincia			País					
Teléfono móbil	Teléfono fixo		Correo electrónico					

Período de estadía en España (*)	Dende	Ata
----------------------------------	-------	-----

(*) O período de estancia temporal non poderá ser superior a tres meses, prorrogables por outros tres, previa solicitude.

Márquese os documentos que acompañan:

- ☐ Certificado literal de nacemento que acredita a nacionalidade española de orixe.
- ☐ Certificado de estar inscrito no Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro.
- ☐ Documento oficial que acredite que é pensionista ou traballador por conta allea ou propia no país de procedencia.
- ☐ Se o solicitante procede de **Andorra, Chile, Marrocos, Perú, Tunes, Canadá, ou dalgún Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza ou Reino Unido**: Certificado emitido pola institución da Seguridade Social competente no país de procedencia e acreditativo de que non procede a exportación do dereito á prestación de asistencia sanitaria.
- ☐ Libro de Familia, ou similar, no caso de familiares que o acompañen na súa estancia temporal ao pensionista ou traballador.
- ☐ Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade para descendentes maiores de 26 anos ao seu cargo con discapacidade igual ou superior ao 65 por cen.

Apelidos e nome:

DNI-NIE-Pasaporte

2

Para o **recoñecemento do dereito á prestación de asistencia sanitaria dos familiares dos pensionistas e traballadores españois de orixe e residentes no estranxeiro** nos seus desprazamentos temporais, cubra os seguintes apartados por cada familiar que o acompañe:

DATOS FAMILIAR 1

Apelido primeiro	Apelido segundo		Nome
Data de nacemento	Sexo	Estado Civil	DNI - NIE
Núm. da Seguridade Social		Pasaporte	
Nome 1º proxenitor	Nome 2º proxenitor		Nacionalidade

DATOS FAMILIAR 2

Apelido primeiro	Apelido segundo		Nome
Data de nacemento	Sexo	Estado Civil	DNI - NIE
Núm. da Seguridade Social		Pasaporte	
Nome 1º proxenitor	Nome 2º proxenitor		Nacionalidade

DATOS FAMILIAR 3

Apelido primeiro	Apelido segundo		Nome
Data de nacemento	Sexo	Estado Civil	DNI - NIE
Núm. da Seguridade Social		Pasaporte	
Nome 1º proxenitor	Nome 2º proxenitor		Nacionalidade

DATOS FAMILIAR 4

Apelido primeiro	Apelido segundo		Nome
Data de nacemento	Sexo	Estado Civil	DNI - NIE
Núm. da Seguridade Social		Pasaporte	
Nome 1º proxenitor	Nome 2º proxenitor		Nacionalidade

DATOS FAMILIAR 5

Apelido primeiro	Apelido segundo		Nome
Data de nacemento	Sexo	Estado Civil	DNI - NIE
Núm. da Seguridade Social		Pasaporte	
Nome 1º proxenitor	Nome 2º proxenitor		Nacionalidade

Apelidos e nome:

DNI-NIE-Pasaporte

③

DATOS FAMILIAR 6

Apelido primeiro	Apelido segundo		Nome
Data de nacemento	Sexo	Estado Civil	DNI - NIE
Núm. da Seguridade Social		Pasaporte	
Nome 1º proxenitor	Nome 2º proxenitor		Nacionalidade

ALEGACIÓNS

DECLARO que son certos os datos incluídos nesta solicitude.

O Instituto Nacional da Seguridade Social solicita o seu consentimento para consultar e recoller electronicamente os datos ou documentos que se atopen en poder de calquera Administración, cuxo acceso non estea previamente amparado pola lei e que sexan necesarios para resolver a súa solicitude e xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida:

- ☐ SI dou o meu consentimento
- ☐ NON dou o meu consentimento

NOTA IMPORTANTE: En caso de non dar o seu consentimento deberá achegar, no prazo de 10 días hábiles, os documentos que se lle indiquen que sexan necesarios para resolver a súa solicitude e xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida.

O Instituto Nacional da Seguridade Social solicita o seu consentimento para utilizar o teléfono móbil, o correo electrónico e os datos de contacto consignados nesta solicitude para enviarlle comunicacións en materia de Seguridade Social:

- ☐ SI dou o meu consentimento
- ☐ NON dou o meu consentimento

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
RESPONSABLE	Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS)
FINALIDADE	Xestión das prestacións do Sistema da Seguridade Social competencia do INSS
LEXITIMACIÓN	Exercicio de poderes públicos
DESTINATARIOS	Só se efectuarán cesións e transferencias previstas legalmente ou autorizadas mediante o seu consentimento
DEREITOS	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, como se explica na información adicional
PROCEDENCIA	Recollemos datos doutras administracións e entidades nos termos legalmente previstos
INFORMACIÓN ADICIONAL	Pode consultar información adicional e polo miúdo na folla informativa que se achega ao presente formulario no apartado “INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS”

..... , a de de 20

Firma do solicitante

ASISTENCIA SANITARIA PARA MIGRANTES EN ESTADÍA TEMPORAL EN ESPAÑA

DOCUMENTOS NECESARIOS PARA A TRAMITACIÓN DA SÚA PRESTACIÓN

PRESENTACIÓN DOS SEGUINTES DOCUMENTOS

1. Do traballador ou pensionista residente no estranxeiro (suposto A):

- Certificado literal de nacemento que acredite a nacionalidade española de orixe. Este documento só será necesario presentalo a primeira vez que solicite o dereito á prestación sanitaria durante a estadía temporal en España. Nas seguintes visitas a España, se rehabilita o dereito á prestación sanitaria temporal, non deberá aportalo de novo.
- Certificado de estar inscrito no Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro.
- Documento oficial que acredite que é pensionista ou traballador por conta allea ou propia no país de procedencia.
O traballo por conta allea ou propia pode acreditarse mediante documentos orixinais ou fotocopias compulsadas de contratos de traballo, nóminas ou documentos salariais ou de cotización á Seguridade Social, licenzas fiscais ou certificados de traballo da empresa onde se traballara. Estes documentos poden ser substituídos por un informe da Consellería de Traballo e Asuntos Sociais ou da Sección Laboral ou do Consulado ou da Sección Consular da Embaixada que certifique que o solicitante é pensionista ou traballador por conta allea ou propia no país de procedencia.
- Se o solicitante procede de **Andorra, Chile, Marrocos, Perú, Tunes, Canadá ou dalgún Estado membro da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza ou Reino Unido**: Certificado emitido pola institución da Seguridade Social competente no país de procedencia, acreditativo de que non procede a exportación do dereito á prestación de asistencia sanitaria.

2. Do pensionista da Seguridade Social española ou asimilado á alta por ter subscrito un Convenio Especial, español de orixe e residente no estranxeiro (suposto B):

- Certificado literal de nacemento que acredite a nacionalidade española de orixe. Este documento só será necesario presentalo a primeira vez que solicite o dereito á prestación sanitaria durante a estadía temporal en España. Nas seguintes visitas a España, se rehabilita o dereito á prestación sanitaria temporal, non deberá aportalo de novo.
- Certificado de estar inscrito no Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro.

3. No caso de familiares que o acompañen (suposto A e suposto B):

Cónxuxe:

- Libro de familia ou certificado de inscrición de matrimonio.
Este documento só será necesario presentalo a primeira vez que solicite o dereito á prestación sanitaria para os familiares que acompañen ao solicitante durante a estancia temporal en España. Nas seguintes visitas a España, se rehabilita o dereito dos beneficiarios que o acompañaron noutras ocasións, non deberá aportalo.

Parella de feito:

- Certificado de inscrición nalgún dos rexistros públicos existentes ou, na súa falta, o documento público correspondente para acreditar a existencia de parella de feito.
Este documento só será necesario presentalo a primeira vez que solicite o dereito á prestación sanitaria durante a estadía temporal en España. Nas seguintes visitas a España, se rehabilita o dereito á prestación sanitaria temporal, non deberá aportalo de novo.

Descendentes menores de 26 aos:

- Libro de familia ou similar.
Este documento só será necesario presentalo a primeira vez que solicite o dereito á prestación sanitaria para os familiares que acompañen ao solicitante durante a estadía temporal en España. Nas seguintes visitas a España, se rehabilita o dereito dos beneficiarios que o acompañaron noutras ocasións, non deberá aportalo. Só deberá presentalo no caso de que o acompañen novos beneficiarios.

Descendentes maiores de 26 anos ao seu cargo con discapacidade igual ou superior ao 65 por cen:

- Certificado do recoñecemento do grao de discapacidade.
- Libro de familia ou similar.
Este documento só será necesario presentalo a primeira vez que solicite o dereito á prestación sanitaria para os familiares que acompañen ao solicitante durante a estadía temporal en España. Nas seguintes visitas a España, se rehabilita o dereito dos beneficiarios que o acompañaron noutras ocasións, non deberá aportalo. Só deberá presentalo no caso de que o acompañen novos beneficiarios.

ASISTENCIA SANITARIA PARA MIGRANTES EN ESTADÍA TEMPORAL EN ESPAÑA

O INSTITUTO NACIONAL DA SEGURIDADE SOCIAL INFÓRMALLE

De acordo co artigo 6.4 do Real Decreto 1192/2012, do 3 de agosto (BOE do 4 de agosto), o prazo máximo para resolver e notificar o procedemento iniciado é de 30 días contados dende a data na que se rexistrou a súa solicitude nesta Dirección Provincial ou, no seu caso, dende que chegou os documentos requiridos.

Transcorrido devandito prazo sen recibir unha notificación coa resolución desta solicitude, poderá entender que a súa petición foi desestimada por aplicación de silencio negativo e solicitar que se dite resolución, tendo esa solicitude valor de reclamación previa de acordo co establecido no artigo 71 da Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social (BOE do día 11).

Se esta solicitude non vai acompañada dos documentos necesarios para a súa tramitación, deberá presentalos en calquera dependencia desta Dirección Provincial, en persoa ou por correo, no prazo de 10 días contados dende o seguinte a aquel no que se lle notificou o seu requirimento.

O incumprimento do prazo sinalado suporá que non acreditou suficientemente os requisitos necesarios para causar o dereito, de acordo co previsto no Real Decreto Lei 16/2012, do 20 de abril (BOE do día 24) e no Real Decreto 1192/2012, do 3 de agosto (BOE do 4 de agosto).

INFORMACIÓN ADICIONAL SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

RESPONSABLE DO TRATAMENTO	<i>Quen é o responsable do tratamento dos seus datos persoais?</i> Instituto Nacional da Seguridade Social Rúa Padre Damián, 4 CP 28036 Madrid, ESPAÑA https://sede.seg-social.gob.es
DELEGADO DE PROTECCIÓN DE DATOS	<i>Como pode contactar co Delegado de Protección de Datos?</i> Enderezo do Servizo Xurídico da Seguridade Social Rúa Infanta Mercedes, 31 - 3ª Andar CP 28020 Madrid, ESPAÑA https://sede.seg-social.gob.es
FINALIDADE DO TRATAMENTO	<i>Para que empregaremos os seus datos?</i> Os seus datos serán tratados coa finalidade principal de resolver esta solicitude e de xestionar, no seu caso, a prestación recoñecida. O tratamento dos seus datos de contacto terá coma finalidade a realización de comunicacións e remisión de información en materia de Seguridade Social. Os datos persoais proporcionados conservaranse mentres sexan necesarios para xestionar a súa prestación ou as dos seus posibles beneficiarios, así como para outros fins de arquivo e estatística pública.
LEXITIMACIÓN DO TRATAMENTO	<i>Cal é a lexitimación para o tratamento dos seus datos?</i> O tratamento dos datos realizarase sobre a base do exercicio de poderes públicos autorizado por unha norma legal (Arts. 66, 71, 72, 77 e concordantes do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, en adiante TRLXSS). Verbo das comunicacións e envío de informacións en materia de Seguridade Social, o tratamento virá lexitimado polo seu consentimento. A negativa a outorgalo suporá que non poderá recibir este tipo de envíos, se ben non impedirá que lle podamos informar polos ditos canais do estado das súas solicitudes. Tamén lle informamos de que non está obrigado a proporcionar o seu enderezo de correo electrónico e número de teléfono móbil e que, en caso de non facilitalos, non impedirá o trámite da súa solicitude.
DESTINATARIOS DE CESIÓN OU TRANSFERENCIAS	<i>A quen comunicaremos os seus datos?</i> Os datos persoais obtidos polo Instituto Nacional da Seguridade Social no exercicio das súas funcións teñen carácter reservado e só se empregarán para os fins encomendados legalmente, sen que poidan ser cedidos ou comunicados a terceiros, agás que a cesión ou comunicación teña por obxecto algún dos supostos previstos expresamente no artigo 77 do TRLXSS, así como os supostos indicados en calquera outra norma de rango legal. Se se trata dunha solicitude baseada en normativa internacional, os seus datos poderán ser cedidos aos organismos estranxeiros competentes para o trámite da súa solicitude.
DEREITOS DAS PERSOAS INTERESADAS	<i>Cales son os seus dereitos cando nos proporciona os seus datos persoais?</i> Verbo dos datos persoais proporcionados, pode exercitar en calquera momento e nos termos establecidos pola normativa de protección de datos os dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación e oposición, ou ben retirar o consentimento prestado ao seu tratamento nos casos que fose requirido, todo iso mediante escrito presentado nun Centro de Atención e Información da Seguridade Social (CAISS) ou, por correo postal ou a través da sede electrónica da Seguridade Social, ante o Delegado de Protección de Datos cuxos datos se atopan no segundo apartado desta táboa. Informámoslle de que en caso de considerar que o seu requirimento non foi atendido oportunamente, ten a posibilidade de presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos.
PROCEDENCIA	<i>Como obtemos os seus datos persoais?</i> Amais dos datos proporcionados por vostede na súa solicitude, recolleemos outros datos persoais doutras administracións e entidades en cumprimento da normativa e co fin de axilizar e facilitar a actuación administrativa. Estes accesos a datos están amparados en normas con rango de lei.